**NOME: Igrexa de Zos**

| | |
|---|---|
| NUMERO | 115 |
| CODIGO | GA32082016 |

## Localización




| | | |
|---|---|---|
| COORDENADAS | 610.870 | 4.655.356 |
| CARTOGRAFIA | FOLLA 8 | |
| LUGAR | ZOS | |
| PARROQUIA | ZOS (SANTA MARÍA) | |
| DESCRICIÓN DO ENTORNO | Ocupa a igrexa parroquial, o seu adro/cemiterio e o outeiro no que se localizan, delimitado cara o NW pola estrada local asfaltada e o núcleo de Zos. | |

## Descrición



| | |
|---|---|
| ÉPOCA | Idade do Ferro |
| TIPOLOXIA | Asentamento - Castro |
| CONSERVACION | gravemente alterado |
| TITULARIDADE | Privada |
| USO: | Forestal e cemiterio |
| CLASE SUELO: | Solo de Núcleo Rural |
| CUALIFICACION: | - |

**DESCRICIÓN DO BEN**

Castro de pequenas dimensións sobre o que se asenta a igrexa parroquial de orixe románica. Boa defensibilidade natural, cerámica castrexa e galaico-romana en superficie.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Inventariado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Integral

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas, ademais dos propios do Cemiterio.

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** -

**OBSERVACIÓNS:**

**NOME:** Casa popular con patio

**NUMERO** 311

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.749 4.655.365

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Construcción situada ó leste do núcleo na saída a Abavides. No entorno do conxunto da casa grande con garita e torre. Conxunto de planta en L, en torno a un patio con portón de pedra na entrada.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Arq.civil - Casa

**CONSERVACION** mal conservado

**TITULARIDADE** Privada

**USO:** Vivenda

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

A edificación principal ten planta rectangular e dúas alturas. Sitúase ó norte do patio, cun corredor de madeira, cara ó sur, no primeiro andar e patín de pedra de acceso dende o patio. Na porta de entrada á vivenda ten inscrición no lintel. Os muros de cantería de pedra presentan difetentes feituras correspondentes a épocas distintas. A cuberta ten dúas augas e a cubrición é de tella cerámica curva. O volume anexo desenrólase perpendicular ó anterior ó leste do patio e o forman dúas construccións adxetivas de interese. O patio está parcialmente enlousado.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Inventariado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Estrutural

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Rehabilitación

**OBSERVACIÓNS:** A propiedade atópase delimitada como 'Finca singular'

**NOME:** **Casa con cruz e patio**

**NUMERO** 302

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.643 4.655.272

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Sitúase ó sur do núcleo á entrada da Vía da Prata que chega desde Trasmiras, na encrucillada co camiño vello a Abavides.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Arq.civil - Casa

**CONSERVACION** ben conservado

**TITULARIDADE** Privada

**USO:** Vivenda

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

Está formada por dúas edificacións, a principal ten planta en L e dúas alturas, en torno a un patio con portón de pedra. A cruz sitúase sobre o muro. Ten corredor de madeira no primeiro andar do patio cara ó sur. Os muros de cantería de pedra presentan diferentes feituras correspondentes a épocas distintas de encintados de cal. A cuberta ten dúas e tres augas e a cubrición é de tella cerámica curva. O patio está parcialmente lousado. A outra edificación, sitúase adosada ó norte da principal, ten planta en L e dúas alturas, en torno a un patio. Ten corredor de madeira no patio.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Inventariado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Estrutural

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Conservación e mellora

**OBSERVACIÓNS:** A propiedade atópase delimitada como 'Finca singular'

# Plan Xeral de Ordenación Municipal do
# Concello de Trasmiras

**NOME:** **Conxunto**

**NUMERO** 320

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.633 4.655.280

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Sitúase ó sur do núcleo á entrada da Vía da prata que chega dende Trasmiras, na encrucillada co camiño vello a Abavides.

## Descrición




**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Arq.civil - Casa

**CONSERVACION** alterado

**TITULARIDADE** Privada

**USO:** Varios

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

Coxunto de casas de muros de cantería de pedra e corredor de madeira e cantería no primeiro andar. A edificación adosada pola cara este corresponde a ficha denominada 302.

## Protección

**INVENTARIO** Plan Xeral de Ordenación Municipal

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Catalogado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Estrutural

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Rehabilitación

**OBSERVACIÓNS:** A propiedade atópase delimitada como 'Finca singular'

**NOME:** Casa grande e conxunto con garita e torre

**NUMERO** 309

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.743 4.655.348

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Atópase ó leste do núcleo na saída a Abavides na encrucillada, o pé do camiño que leva a Vía da Prata e a Abavides.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Arq.civil - Casa Grande

**CONSERVACION** ben conservado

**TITULARIDADE** Privada

**USO:** Vivenda

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

Casa grande que a forman distintas edificacións de volume singular de distintas edificacións de volume singular de distintas etapas, hoxe dividida en varios propietarios.
Conxunto de planta en L en torno a un pequeno patio orientado cara ó noroeste. A edificación pirncipal ten planta rectangular e dúas alturas, máis unha sobre o volume da torre na esquina noreste. Os muros de cantería de pedra presentan diferentes feituras correspondentes a épocas distintas, con encintados e debuxos nos baixos da cornixa. A cuberta ten tres e catro augas e a cubrición é de tella cerámica curva.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Inventariado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Estrutural

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Recuperación

**OBSERVACIÓNS:** A propiedade atópase delimitada como 'Finca singular'

**NOME:** **Igrexa de Santa María**

**NUMERO** 208

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.905 4.655.358

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Sitúase ás aforas do núcleo, na zona suroeste, no alto dun outeiro.

## Descrición



**ÉPOCA** Románico

**TIPOLOXIA** Arq.relixiosa - Igrexa

**CONSERVACION** ben conservado

**TITULARIDADE** Pública

**USO:** Relixioso

**CLASE SUELO:** Solo Rústico de protección agropecuaria

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

Igrexa románica, presenta adro delimitado por muros de sillares de granito e sepulturas, conservando as antigas tumbas no solo con lousas de pedra que fan de pavimento do adro. O templo ten unha nave con cuberta a dúas augas e ábside cadrado máis alto con cuberta a tres augas. Os muros son de sillares de granito con cornixa de cantería labradas con modillones con figuras na nave. As cubertas de tella cerámica curva. A fachada principal (oeste) ten porta con arco formada por tres arcos, con motivos xeométricos, concéntricos sobre columnas de pedra con capiteles con figuras xeométricas e vexetais e unha ave do paraíso. Destaca a pila bautismal situada no adro.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Inventariado

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Integral

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Conservación

**OBSERVACIÓNS:**

**NOME:** Cruceiro

**NUMERO** 405

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.826 4.655.396

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Atópase ó norte do núcleo de Zos, ó pé do camiño de Abavides na encrucillada co camiño de subida á igrexa parroquial.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Arq.relixiosa - Cruceiro

**CONSERVACION** ben conservado

**TITULARIDADE** Pública

**USO:** Relixioso

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

O elemento ten pedestal de planta cadrada e o varal é de sección circular sobre o que apoia o capitel. A cruz é latina de sección rectangular.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Ben de Interese Cultural

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Integral

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Conservación

**OBSERVACIÓNS:** A declaración de Ben de Interese cultural ven dada pola disp. Adic.2º da Lei 16/1995, pola cal se protexen os elementos recollidos no decreto 571/1963 no caso dos cruceiros existentes no catálogo, segundo o decreto 571/1963.

**NOME:** **Vía crucis**

**NUMERO** 421

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.878 4.655.354

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Atópase á entrada do adro da igrexa parroquial, fóra do núcleo de Zos, ó sureste do casarío nun outeiro.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Cons.popular - Cruz

**CONSERVACION** gravemente alterado

**TITULARIDADE** Pública

**USO:** Relixioso

**CLASE SUELO:** Solo Rústico de protección agropecuaria

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

O conxunto, moi deteriorado, con cruces desaparecidas e outras tiradas sobre as leiras veciñas, o forman varias cruces con capitel sobre os muros. As cruces son de sección rectangular, con debuxos xeométricos nas caras. Destaca a cruz sobre o muro do adro máis traballada e fina.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Ben de Interese Cultural

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Integral

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Conservación

**OBSERVACIÓNS:** A declaración de Ben de Interese cultural ven dada pola disp. Adic.2º da Lei 16/1995, pola cal se protexen os elementos recollidos no decreto 571/1963 no caso dos cruceiros existentes no catálogo, segundo o decreto 571/1963.

**NOME:** Portón con cruz

**NUMERO** 419

**CODIGO**

## Localización




**COORDENADAS** 610.668 4.655.425

**CARTOGRAFIA** FOLLA 8

**LUGAR** ZOS

**PARROQUIA** ZOS (SANTA MARÍA)

**DESCRICIÓN DO ENTORNO** Atópase á beira dun rueiro que entronca coa Vía da Prata algo máis ó norte.

## Descrición



**ÉPOCA**

**TIPOLOXIA** Cons.popular - Cruz

**CONSERVACION** ben conservado

**TITULARIDADE** Privada

**USO:** Relixioso

**CLASE SUELO:** Solo de Núcleo Rural

**CUALIFICACION:** -

**DESCRICIÓN DO BEN**

Os muros son de cachotería concertada de granito, dintel dunha peza e está coroado por unha cruz de pedra. Trátase dunha cruz latina de cantería, sinxela, de sección cadrangular nos brazos. A antiga casa foi modificada.

## Protección

**INVENTARIO** Dirección Xeral do Patrimonio

**CATEGORÍA DE CATALOGACIÓN** Ben de Interese Cultural

**NIVEL DE PROTECCIÓN** Integral

**USOS PERMITIDOS:** Ver Ordenanzas

**USOS PROHIBIDOS:** Ver Ordenanzas

**ACTUACIONS:** Conservación

**OBSERVACIÓNS:** A declaración de Ben de Interese cultural ven dada pola disp. Adic.2º da Lei 16/1995, pola cal se protexen os elementos recollidos no decreto 571/1963 no caso dos cruceiros existentes no catálogo, segundo o decreto 571/1963.